

Declaración de Valdeavellano de Tera para a defensa e o recoñecemento dos Usos Comunais e as ICCA en España



Declaración de Valdeavellano de Tera para a defensa e o recoñecemento dos Usos Comuais e as ICCA en España

Os abaixo asinantes, no cadro da Asemblea do ICCA Consortium, celebrada en Valdeavellano de Tera, provincia de Soria, os días 4 e 5 de outubro de 2013, e en virtude dos acordos alcanzados na reunión específica destinada a constituír o grupo de traballo “**Iniciativa Comuais: Iniciativa para o recoñecemento das Áreas Conservadas por Comunidades Locais**” para promover o estudo, defensa e recoñecemento das **Áreas Conservadas por Comunidades Locais (ICCA)** en España, **declaramos:**

1.- Que os **usos comuais e os seus bens e dereitos asociados** forman parte do Patrimonio Cultural (incluído o Inmaterial), Ambiental e Socioeconómico de España. Que os usos comuais (pesca, pasteiros, caza, usos forestais, regos e outros), foron clave tanto para a supervivencia socioeconómica do medio rural e da sociedade do estado español en xeral como para a protección e integración daqueles grupos sociais e territorios máis desfavorecidos, así como para a xestión sustentábel do territorio, polo que deben ser estudados, recoñecidos e defendidos.

2.- Que os usos comuais foron clave para a conservación da biodiversidade, paisaxes e ecosistemas no estado Español, así como para unha adecuada xestión e conservación dos recursos, servizos e valores que proporcionan os ecosistemas á sociedade, sendo estes modelos de aproveitamento, e os seus procesos ecolóxicos, imprescindíbeis para explicar a grande riqueza e diversidade do noso patrimonio natural e cultural.

3.- Que, en xeral, este patrimonio común sufriu historicamente un grande número de agresións. Desamortizacións, usurpacións, municipalización, alleamentos e a ausencia de recoñecemento social, xurídico, legal e administrativo e as malas decisións políticas, supuxeron a perda irreparable dun inmenso patrimonio humano, social, económico, natural e cultural. As agresións continúan actualmente baixo diversas formas para arrebatarse ás comunidades locais a xestión dos usos comuais e os seus bens asociados.

4.- Que a pesar destas agresións, a actitude histórica dos beneficiarios e titulares dos usos comuais, en defensa dos seus dereitos, posibilitou que, na actualidade, aínda constituían unha forma usual, exitosa e estendida de gobernanza do noso patrimonio natural e cultural. Montes en man común, baldíos, de socios, veciñais ou comuais, confrarías de pesca ou marisqueo, xuntas de pasteiros, de val, e veciñais, *facerías*, currais de pesca, sociedades de caza, gabias de careo, *parzonerías*, *ledanías* e outras formas de gobernanza xestionan varios millóns de hectáreas con alto valor natural, económico e cultural e son a expresión do empoderamento e participación de centenaes de miles de cidadáns na xestión participativa, directa, resiliente e sustentable dos recursos locais.

5.- Que se debe recoñecer, apoiar, promover e protexer cada un dos tres piares básicos que deben caracterizar os usos comuais: **Comunidade**, **Gobernanza** e **Conservación da Natureza**, tal e como son descritos na definición de ICCA (Áreas Conservadas por Comunidades Locais) contemplada por varios organismos internacionais. Neste sentido, débese prestar especial atención á preservación e promoción dos valores que, por norma xeral, caracterizan os usos comuais e que os tornan especialmente valiosos para a sociedade, entre os cales están os da sustentabilidade, a adaptabilidade, a multifuncionalidade, a integración de valores culturais, o reparto equitativo dos recursos e a xustiza social, a co-responsabilidade, os procesos participativos e o empoderamento das comunidades locais.

6.- Que importantes organismos internacionais como o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA), a Convención para a Diversidade Biolóxica (CBD) ou a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) están recoñecendo cada vez con maior énfase o importante papel das Áreas Conservadas por Comunidades Locais (ICCA) na conservación da natureza e na xestión sustentable dos recursos a nivel global. Porén, a pesar disto, no Estado español existe unha grave ausencia de recoñecemento do seu valor desde as administracións públicas e un gran descoñecemento por parte da sociedade, sendo urxente neste sentido reivindicar o papel social, económico e ambiental das ICCA e o seu potencial para a conservación e o desenvolvemento do mundo rural e da sociedade en xeral.

7.- Que a saúde e o rendemento económico, social e ambiental dos usos comunais dependen das persoas que os xestionan e que son os auténticos especialistas na súa gobernanza e funcionamento. Estes homes e mulleres deben ser apoiados socialmente para que poidan continuar desenvolvendo o seu labor nunhas condicións xustas. Por tanto, a súa participación nas decisións políticas que afectan aos comunais é imprescindible para asegurar a súa continuidade e sustentabilidade futura.

8.- Que, tendo en conta o anteriormente exposto, para poder garantir a supervivencia da grande riqueza e variedade de formas de titularidade e xestión colectiva existentes en España e poder desenvolver o seu enorme potencial e os seus valores asociados, é necesario fomentar novas alianzas e sinerxías, desde o nivel local deica o global, sustentadas na participación de base, o empoderamento das comunidades locais e a aproximación participativa (“de abaixo para arriba”). Para iso débese prestar especial atención ao establecemento de vías de solidariedade recíproca entre as comunidades que xestionan usos comunais, así como ao establecemento de obxectivos comúns con novos axentes sociais, especialmente nos ámbitos da investigación científica, da conservación da natureza, do ensino, do dereito e da comunicación social. A isto débese engadir o establecemento dunha alianza entre os usos comunais e as comunidades urbanas, que potencie os variados lazos que as unen.

9.- Que existe unha sólida base científica que demostra, como norma xeral, 1. tanto a contribución histórica dos usos comunais para un desenvolvemento máis sustentable e igualitario, como 2. a súa importante contribución social, económica e ambiental na actualidade, así como 3. o seu potencial para o desenvolvemento de iniciativas que contribúan a afrontar boa parte dos desafíos sociais, ambientais e económicos cos que debe lidar a sociedade actual e as xeracións futuras. Consideramos especialmente salientable neste sentido a liña de pescuda aberta pola doutora Elinor Ostrom, Premio Nobel de Economía en 2009, que demostrou “*como os bens comúns poden ser administrados de maneira efectiva por un grupo de usuarios*”, quebrando a dicotomía público/privado ao rescatar os valores da titularidade colectiva e desmontando así o concepto tan arraigado, como por veces interesado, de que a xestión da propiedade común está destinada pola súa propia natureza ao desastre.

10.- Que polos motivos anteriormente expostos debe ser unha prioridade das propias comunidades comuneiras, das distintas administracións e da sociedade no seu conxunto velar pola protección e o recoñecemento deste patrimonio colectivo en base aos principios de **inalienabilidade, indivisibilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade**, así como garantir o respecto ao dereito escrito e consuetudinario das comunidades, o seu pleno recoñecemento legal, a súa plena capacidade xurídica na defensa e xestión dos seus recursos e a participación axeitada dos seus órganos de gobernanza na toma de decisións que afecten a este patrimonio. Neste sentido, as reformas legislativas presentes e futuras deben respectar os dereitos históricos das comunidades locais e a súa autonomía na xestión do patrimonio comunal. Do mesmo xeito, os usos comunais e os seus bens e dereitos asociados deben ser xestionados de forma participativa e sustentable, coa intención de garantir a transmisión deste patrimonio para goce das xeracións futuras sen ningún tipo de menoscabo nos seus valores económicos, sociais e ambientais.

Asinantes:



Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castrove-Salnés



Federación Estatal de Pastores



MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO MORRAZO



Grupo de Estudos da Propiedade Comunal

Comunidade de Montes de Vilar de Triacastela